



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNION

Dirección - Rep. Sindical (24/03/11)

Na tarde de hoxe a Dirección confírmalos a planificación prevista para a semana que vén:

Sistema I - Para todos os traballadores/as que pertencemos a este Sistema está previsto que,

Martes día 29.- formación para a Quenda de mañá "A", para a Quenda de tarde "B" e a de Noite actividade normal.

Mércoles día 30.- *Actividade normal salvo na Quenda de tarde "B"; que se realizará formación.*

A partir do Xoves día 31.- *realizarase actividade normal nas tres Quendas pero cunha modificación na composición.*

Sistema II.- Para este Sistema, as previsións son:

-Martes 29, Mércores 30 e Venres 1.- *Días non laborais para todos os traballadores/as que estamos vinculados a este Sistema.*

-Xoves 31.- *Os traballadores/as vinculados os Talleres de Ferraxe e Pintura, así como a Loxística dos mesmos, traballarán con normalidade (Maña e Tarde), namentres os traballadores/as vinculados o Taller de Montaxe, incluído Loxística, soamente se fará produción pola tarde (Quenda B). Para iso, farase unha composición de vehículos con motorización de gasolina.*

Por parte da C.I.G., ante a comunicación da Dirección de modificar as composicións, sobre todo na Liña da M-1, para poder desenvolver actividade, e sendo conscientes que esta situación complexa non pode ser soamente asumida polos traballadores/as, manifestámoslle que, *sendo coñecedores da importante modificación na composición, integrando máis motores gasolina e máis furgonetas de carga que familiares, así como os importantes desequilibrios nas cargas dos postos de traballo que iso vai provocar, pedimos á Dirección, tal e como tamén fixemos ós Responsables do Taller, non se descance todo este desaxuste no Monitor ou no Andón, senón que, ademais da previa información, se faga un estudo de todos os postos que se vexan impactados e se lles brinden os medios necesarios para realizar o traballo.*

A Dirección toma nota, e comenta que reforzará os postos.

Varios:

.- Dende a Dirección coméntanos que vai levar a cabo un estudo específico para determinar se realmente se están esgotando os mecanismos de Adecuación de Xornada e logo Bolsa de Horas, antes de que un traballador/a acuda ó ERE.

.- Pola súa parte tamén nos informa da posibilidade de que para a semana do 4 de Abril poidamos estar afectados pola falla de pezas por outros provedores.

.- A próxima reunión está prevista para Mércores ou Xoves da semana que vén.

Confederación Intersindical Galega